





# IV Plan de Igualdade de Xénero





**A actual organización social segue a funcionar en base á división sexual do traballo, onde os roles produtivos e reprodutivos teñen un valor desigual e non son recoñecidos socialmente nin economicamente de maneira equilibrada. Porén, os coidados son fundamentais para soste a vida e a base da nosa sociedade que fai posible o día a día de todas as persoas que habitan a nosa cidade.**





# Economía feminista

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS



O mercado laboral ofrécelles ás mulleres unha situación de maior precariedade e ofrece menos oportunidades para o seu desenvolvemento profesional.

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS



O Centro Municipal de Emprego ten que ter un rol activo na promoción de oportunidades laborais para as mulleres e traballar de forma colaborativa cos axentes locais e outras áreas técnicas municipais.

### CONCLUSIÓNS

#### COVID



As mulleres son as que sufriron en maior medida as consecuencias da pandemia, ao se ocuparen profesionalmente dos sectores máis afectados.





# Economía feminista

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1



Mellorar a comunicación e a transparencia de información das políticas de emprego dirixidas a mulleres

### OE 2



Apostar por unha liña de recursos áxil para fomentar o emprendemento dirixido a mulleres

### OE 3



Incidir na orientación profesional e académica non sexista para paliar a segregación horizontal que impregna o mercado laboral

### OE 4



Deseñar unha liña transversal para a inserción socio laboral de mulleres

### OE 5



Sensibilizar ao tecido empresarial local na cultura da igualdade de oportunidades





# Coidados responsables

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS

As mulleres dedican maior tempo aos traballos dos coidados, o que resta tempo para o lecer e goce persoal.

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral non é unha realidade para as familias, e son as mulleres quen realizan renuncias persoais e profesionais para sacar adiante os traballos dos coidados.

### CONCLUSIÓNS

#### COVID

A conciliación empeorou durante a pandemia, e evidenciou a falta de corresponsabilidade nas familias. As mulleres foron as principais prexudicadas.





# Coidados corresponsables

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1



Incidir e sensibilizar o tecido empresarial local para que impulse medidas de conciliación.

### OE 2



Fortalecer os recursos e servizos municipais relacionados coa conciliación e a corresponsabilidade.

### OE 3



Impulsar unha liña de traballo centrada na corresponsabilidade dirixida a centros educativos, familias e comunidade

### OE 4



Continuar e reforzar a incorporación da perspectiva de xénero no deseño do espazo público, incorporando os coidados como un pilar fundamental.





# Benestar e Saúde

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS

A precariedade laboral e a sobrecarga de traballos teñen un impacto negativo na saúde e benestar das mulleres.

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS

O benestar das mulleres está comprometido polo rol de coidadora que desenvolve e pola falta de garantías dos seus dereitos como cidadás.

### CONCLUSIÓNS

#### COVID

A falta de oportunidades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral tivo maiores consecuencias na saúde das mulleres aumentando o estrés, a ansiedade motivada pola sobrecarga nos coidados





# Benestar e Saúde

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1

Abrir un escenario de traballo colaborativo interinstitucional para mellorar a coordinación do Concello con outros axentes.

### OE 2

Apostar por unha liña de traballo centrada na posta en valor dos coidados e pola dignidade laboral das coidadoras e as traballadoras do fogar.

### OE 3

Impulsar liñas de coordinación entre as diferentes áreas municipais para garantir unha intervención coidadosa dirixida a mulleres.

### OE 4


Continuar e reforzar os programas de prevención e educación en saúde dirixidos a mulleres







**O modelo actual de organización da vida en común segue a reproducir desigualdades de xénero. Se dende a Administración non poñemos a mirada de xénero, podemos estar a perpetuar estas desigualdades de oportunidades.**





# Gobernanza

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS



As mulleres teñen acceso ao poder político municipal e a espazos de toma de decisións, pero o nivel de transversalidade de xénero na Administración conta con debilidades.

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS



O persoal técnico precisa de formación especializada que facilite a incorporación da perspectiva de xénero no seu día a día, a formación ten que ser o primeiro paso. É necesario incorporar técnicas innovadoras para reorganizar o traballo diario





# Gobernanza

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1

Abrir unha liña de sensibilización e formación dirixida ao persoal técnico municipal en materia de igualdade.

### OE 2

Garantir que a Administración integre a comunicación non sexista e inclusiva en toda a súa actividade interna e externa.

### OE 3

Revisar as políticas transversais e sectoriais municipais para integrar a perspectiva de xénero

### OE 4

Reforzar os recursos especializados e a coordinación entre áreas municipais para incorporar o enfoque dexénero de maneira transversal.





# Participación socio política

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIONES

#### DATOS



As asociacións de mulleres representan o 2,62% do tecido social rexistrado no Concello, aínda que se intúa que non constan outras asociacións ou entidades feministas ou LGBTQI. que teñen actividade na cidade. Existen mecanismos municipais para fomentar a participación, a capacidade de incidencia política e o recoñecemento e posta en valor do tecido de mulleres e LGBTQI.

### CONCLUSIONES

#### ESPAZOS



Bótanse en falta recursos e espazos propios para participar que inclúan a diversidade e as minorías. É necesario elaborar un mapa para coñecer asociacións, grupos e colectivos que existen máis alá do rexistro municipal, así coñeceranse as súas demandas sobre programación, recursos, espazos, horarios...





# Participación socio política

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1



Visibilizar e fomentar o papel da muller no asociacionismo na vida comunitaria da cidade

### OE 2



Apostar por espazos propios dos colectivos LGBTQI e feministas adaptados as súas necesidades.

### OE 3



Revisar o funcionamento do Consello Sectorial da Muller para que se adapte ás demandas dos colectivos.





# Acceso á cultura

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS



Non existe un estudo fiable para valorar a presenza das mulleres profesionais dentro do ámbito artístico e cultural da cidade, mais podemos intuír que a súa presenza está condicionada por barreiras e obstáculos que afectan a nivel estrutural noutros contextos

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS



As mulleres creadoras e axentes de cultura e arte precisan de apoio a recursos públicos xa que se enfrontan a múltiples barreiras de xénero. Bótase en falta unha programación cultural que se dirixa ao conxunto de mulleres en toda a súa diversidade

### CONCLUSIÓNS

#### COVID



A pandemia impactou acrecentando as fendas de xénero que afectaban ás creadoras e profesionais da arte e da cultura en Ferrol. Así mesmo, precisamos poñer énfase en revisar en que medida se está a incorporar a perspectiva de xénero na programación para lograr un acceso equilibrado á cultura.





# Acceso á cultura

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1

Apoiar o acceso e promoción profesional para mulleres creadoras do ámbito cultural.

### OE 2

Fomentar unha programación cultural feminista.

### OE 3

Visibilizar o papel da muller na vida cultural da cidade.

### OE 4

Incorporar a perspectiva de xénero na xestión das políticas municipais





# Acceso aos deportes

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS

Existen algúns mecanismos municipais para erradicar as discriminacións por razón de xénero nos clubs deportivos da cidade. Aínda así, bótanse en falta a ponderación nas subvencións ou a aplicación de criterios positivos nos contratos en favor de equipos femininos ou de presenza de mulleres.

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS

A práctica deportiva federada ou de saúde é fundamental para a calidade de vida. É necesario revisar cales son os factores que fomentan os desequilibrios existentes -no acceso aos espazos ou no acceso aos recursos económicos-.

### CONCLUSIÓNS

#### COVID

O feito de que se suspendesen campionatos, Adestramentos e actividades municipais diminuíu considerablemente a participación das mulleres nos deportes e dificulta a supervivencia dos equipos femininos na cidade.





# Acceso aos deportes

## Obxectivos estratéxicos

### OE 1

Apoiar unha liña de sensibilización e educación para un deporte igualitario e libre de prexuizos.

### OE 2

Programar actividades deportivas con perspectiva de xénero, centradas nas etapas vitais das mulleres.


### OE 3

Analizar e revisar as infraestruturas e o espazo público para garantir a práctica deportiva de mulleres.





**A violencia machista segue a reproducirse e a supor a máxima expresión das desigualdades de xénero e do sexismo da nosa sociedade que ten como consecuencia a vulneración dos dereitos humanos. Ferrol establece un horizonte de cidade cun obxectivo claro: garantir o dereito a vivir nunha cidade libre de violencias machistas.**





# Coeducación

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIONES

#### DATOS

As nenas e os nenos estudan para ser profesionais asumindo mandatos de xénero do que se considera válido paraunhas e outros.

### CONCLUSIONES

#### ESPAZOS

O traballo educativo debe ser continuado, ofrecendo unha proposta formativa que involucre a toda a comunidade educativa.

### CONCLUSIONES

#### COVID

A saúde emocional do alumnado está a resentirse notablemente e precisa do apoio de toda a comunidade educativa. Precisamos medios e recursos para superar a fenda dixital de xénero na educación.





# Coeducación

## Objetivos estratégicos

### OE 1

Artellar un programa integral de coeducación nos centros escolares da cidade.

### OE 2

Deseñar diferentes liñas de traballo que inclúan a todas as axentes da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias).

### OE 3

Fortalecer a liña de traballo centrada en educación sexual e afectiva e de prevención de violencias machistas.

### OE 4

Apostar por unha liña de traballo innovadora e feminista centrada na arte e na cultura dende a Casa da Xuventude.





# Prevencción e atención

## Necesidades detectadas na diagnose

### CONCLUSIÓNS

#### DATOS



No Concello de Ferrol existen recursos para facerlle fronte á violencia machista, precísase unha maior coordinación e reforzar os servizos de atención 24h/365 días.

### CONCLUSIÓNS

#### ESPAZOS



A violencia machista require dunha resposta integral e coordinada, que integre ás diferentes áreas profesionais e tamén a outros axentes sociais da cidade.

### CONCLUSIÓNS

#### COVID



A pandemia tivo un impacto negativo e condicionou a prestación de servizos e a atención nos recursos contra a violencia machista.





# Prevención e atención

## Obxectivos estratéxicos

OE 1



Continuar e fortalecer a liña de atención directa a mulleres en situación de violencia machista

OE 2



Estudar e analizar a incidencia da violencia sexual no ámbito laboral local.

OE 3



Garantir un espazo público seguro e libre de violencias machistas.

OE 4



Fortalecer unha liña centrada na sensibilización da comunidade.

OE 5



Incidir nunha liña de traballo coordinada entre os recursos institucionais municipais na atención a mulleres.



# Autonomía e poder propio

## Obxectivo estratéxico

OE 1



Continuar e reforzar unha liña de  
coidados e de apoderamento das  
mulleres

